

Identificación do mariscador:

-Nome, NIF e nº de permiso de explotación.

Identificación das especies.

Zona xeográfica de captura.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

Identificación do lugar ou lugares onde a mercadería está almacenada, no seu caso, referencia ao documento de transporte ou ao documento T2M correspondente.

Causa declaración:

-Venda aprazada.

-Non tivo lugar a primeira venda.

-Prezo contractual.

-Prezo a tanto alzado para un período de tempo determinado.

#### ANEXO IV

**Documento de rexistro para o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos**

\*Respecto dun lote enviado desde unha zona de produción debe incluír, como mínimo, a seguinte información:

Identidade e enderezo do recolector ou produtor.

Data de recolección.

Localización da zona de produción, mediante o número de código que se establece na norma pola que se clasifican as zonas de produción.

Calificación sanitaria.

Zona ou subzona de control de biotoxina.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

Destino do lote.

\*Respecto dun lote de moluscos bivalvos vivos enviado desde unha zona de reinstalación, o documento de rexistro incluír a seguinte información:

Identidade e enderezo do recolector ou produtor.

Data de recolección.

Localización da zona de reinstalación.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

Duración da reinstalación indicando a data de entrada na zona.

Destino do lote.

\*Respecto dun lote de moluscos bivalvos vivos enviados desde un centro de depuración, o documento de rexistro incluír a seguinte información:

Identidade e enderezo do recolector ou produtor

Enderezo do centro de depuración.

Denominación científica e comercial de cada especie.

Cantidade de cada especie expresada en quilos.

Duración da depuración.

Datas nas cales o lote entrou no centro de depuración e saíu deste.

Destino do lote.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte por estrada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*

O incremento dos niveis de formación dos empresarios e traballadores do transporte por estrada é un requisito indispensable para a modernización do sector no seu conxunto, contribuíndo de xeito manifesto á obtención dun sector máis competitivo e moderno, e ao axeitado desenvolvemento e modernización das empresas, e por extensión, a facilitar a mellora da competitividade do conxunto produtivo da comunidade autónoma.

Nesta liña, xa o libro branco A política europea de transportes cara ao 2010: a hora da verdade, como a súa revisión intermedia, apostan pola formación inicial obrigatoria para todos os novos condutores que transporten mercadorías ou pasaxeiros, así como unha formación profesional permanente e periódica para todos os condutores, como medidas favorecedoras de distintas actuacións transversais: seguridade viaria, ambiente, xestión empresarial, calidade etc.

Ás tradicionais necesidades formativas deste sector económico véñse unir a implantación da formación inicial e continua de condutores profesionais, implementada mediante o Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de

determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Esta norma prevé unha serie de requirimentos que deben cumprir os centros de formación, que nalgúns casos poden ser difícil de acadar para as entidades representativas do sector económico.

Nesta liña, a consecución desta política formativa no ámbito do transporte conta coa importante contribución realizada polas asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada, entidades recoñecidas no artigo 57 da propia Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transporte terrestres (LOTT), como entidades colaboradoras coa administración nas funcións públicas de ordenación e mellora do funcionamento do sector. Esta previsión legal foi desenvolvida tanto polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LOTT (ROTT), como, no ámbito galego, polo Decreto 251/1998, do 10 de setembro, polo que se crea o Comité Galego de Transporte por Estrada e se regula o Rexistro de asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma galega.

Estas asociacións veñen desenvolvendo, nalgúns casos no marco das liñas de axudas promovidas polo Ministerio de Fomento, e noutros, por propia iniciativa, diversos programas formativos dirixidos ás diversas tipoloxías de participantes no sector (xestores, condutores, empresarios,...); e esta importante función debe ser obxecto dun apoio activo por parte da Xunta de Galicia, como unha das principais canles a través da cal dirixir os esforzos que nesta materia se programaran.

A nova previsión regulamentaria de formación dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada encamínase a garantir unha formación inicial cualificada, independente da xa requirida para a obtención do permiso de conducir, e, posteriormente, unha formación continua dos condutores profesionais.

Dado o papel de entidades colaboradoras desta administración, legalmente recoñecido, que posúen as asociacións de transportistas, resulta de interese para o mellor funcionamento do sistema de transporte, a súa colaboración na implantación desta nova formación, para o que, nalgúns casos, carecen do conxunto de medios necesarios a fin de dotarse das infraestruturas necesarias, colaboración para a que se establece esta liña de axudas.

Todo iso faise xa no marco da nova Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e

o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. Por esta orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2008 axudas para a dotación de instalacións a fin de impartir a cualificación inicial e a formación continua de condutores de vehículos destinados ao transporte por estrada, dirixidas ás asociacións profesionais de transportistas ou de empresarios de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, ou ás federacións destas, representativas no marco do sector profesional, consonte co previsto polo Decreto 251/1998, do 10 de setembro, polo que se crea o Comité Galego de Transporte por Estrada e se regula o Rexistro de asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte.

2. Poderán ser obxecto de subvención a dotación de novas instalacións, ou a adaptación das existentes, que resulten precisas para impartir, por parte das indicadas asociacións e federacións as actividades formativas, teóricas e prácticas, previstas no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada; en ningún caso se incluírán os gastos de adquisición de locais ou terreos en que se encontren ou se vaian emprazar as referidas instalacións.

Limítase o número de proxectos de centros de formación que poden ser obxecto de axuda ao dun centro por entidade beneficiaria.

3. Esta convocatoria efectúase polo procedemento de concorrencia non competitiva, consonte co establecido no artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as asociacións profesionais de transportistas ou de empresarios de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, ou as federacións destas, que teñan xustificado ante a Dirección Xeral de Transportes, con anterioridade á data de publicación desta orde, a súa representatividade no marco do sector profesional, para os efectos do regulado polo Decreto 251/1998, do 10 de setembro,

polo que se crea o Comité Galego de Transporte por Estrada e se regula o Rexistro de asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte, participen ou non, de xeito efectivo, no referido órgano de representación.

As entidades referidas terán que ter acreditada unha representatividade que lles outorgue, ou puidese outorgar, cando menos, un vinte e cinco por cento dos dereitos de voto correspondentes ao ámbito provincial en que desenvolvan a súa actividade ou, alternativamente, un quince por cento, no ámbito do conxunto da comunidade autónoma.

2. As entidades indicadas no punto anterior deberán, no momento de presentar a solicitude, non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 3º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. A concesión das axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 2008.08.04.512A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cun importe de catrocentos mil euros (400.000 €).

Non obstante, o anterior importe debe entenderse sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

2. As instalacións e equipamentos que se prevén nesta orde como obxecto da subvención poderán acadar unha axuda económica de ata o 50 por cento do seu custo (sen IVE), incluíndo neste tanto a execución das obras necesarias para a prestación da actividade formativa CAP, como os correspondentes aos gastos de instalación, man de obra, equipamento adicional necesario (mobiliario...); no caso de actuacións complexas, que se prevea levar a cabo por fases ou unidades independentes, e non se prevea que todas elas estean rematadas no momento de xustificación da axuda, deberán concretarse aquelas para as que se solicite a axuda, co límite previsto neste punto, debendo a xustificación referirse a estas e estar executadas no referido momento de xustificación.

En todo caso, e para os efectos do previsto neste artigo, considerarase como importe máximo da subvención por entidade e centro de formación, o de douscentos mil euros (200.000 €).

#### Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse, previamente á realización da actividade, unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo destas bases,

tendo que se cubrir por medios informáticos ou á máquina; esta solicitude irá acompañada dos documentos especificados no punto 4 deste artigo; as solicitudes poderanse presentar a partir do día hábil seguinte ao de publicación desta orde, e ata o día 16 de xullo de 2008, incluído.

2. Os impresos normalizados de solicitude poderán descargarse na páxina web da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ([www.cptopt.xunta.es](http://www.cptopt.xunta.es)), ou ben recollese nas seguintes dependencias administrativas:

- a) Dirección Xeral de Transportes.
- b) Servizos Provinciais de Transportes da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A presentación das solicitudes efectuarase preferentemente no rexistro da Dirección Xeral de Transportes, sito na praza de Europa 5A, 2º andar, Área Central-As Fontiñas; 15707. Santiago de Compostela, ou por outro dos medios legalmente admitidos; se a solicitude se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de certificarla.

3. Na solicitude de axuda incorporárase unha declaración responsable referente aos seguintes aspectos:

- a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse ás axudas reguladas nestas bases, así como das obrigas e compromisos que nelas se establecen.
- b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.
- c) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta administración considere oportunas, e realice tanto mediante os seus propios medios, como mediante a colaboración de servizos externos.
- d) Compromiso de constitución dun centro de formación no local para o que se solicita a axuda, e de destino a este fin durante, cando menos, cinco anos continuados.

e) Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia compulsada por funcionario público ou órgano oficial competente:

- a) Documento nacional de identidade (DNI) da persoa que asine a solicitude en nome da entidade solicitante, e xustificación da representación exercitada.

b) Tarxeta de identificación fiscal (CIF) da entidade solicitante.

c) Certificación bancaria orixinal do número de conta do solicitante (só necesaria no caso de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia).

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias.

e) Certificación de estar ao día do pagamento das obrigas coa Seguridade Social.

f) Memoria descritiva do proxecto de centro de formación e da actividade que se vai desenvolver nel, e xustificativa da coherencia entre o dimensionamento do centro e as previsións de actividade.

g) Proxecto e memoria descritiva das obras e actuacións que se van desenvolver, detallando tamén a situación xurídica das instalacións; neste, ou xunto con el, e en todo caso, presentarase a seguinte documentación:

g.1. En todos os casos: orzamento ou orzamentos detallados do custo das obras para as que se solicita a axuda, realizados pola empresa ou empresas ás cales se lles ten previsto encargar a realización das obras; este orzamento irá acompañado dun cronograma da súa execución, que deberá garantir, en todo caso, a adecuada imputación do importe para o que se pide a axuda ao exercicio orzamentario previsto nesta orde.

g.2. Non obstante o anterior, cando o importe do gasto para o que se solicita a subvención supere a contía de 30.000 euros, presentarase:

-Tres orzamentos de diferentes empresas, salvo que polas especiais características dos gastos non exista no mercado número abondo de entidades que subministren ou presten os investimentos proxectados.

No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, de entre as ofertas presentadas, deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

-Cronograma da súa execución, que deberá garantir, en todo caso, a adecuada imputación do importe para o que se pide a axuda ao exercicio orzamentario previsto nesta orde.

h) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto para o que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes ou, de ser o caso, unha declaración de que non ten solicitadas nin percibiu outras axudas ou subvencións (pode usarse o modelo que figura como anexo a esta orde).

Todas as solicitudes poderán ir acompañadas de calquera outra documentación complementaria que se considere adecuada para unha mellor valoración (planos, informes, fotografías, ...).

#### Artigo 5º.-*Procedemento e resolución.*

1. Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Transportes o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. A Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle como tal o exercicio das facultades previstas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

3. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións remitidas ou obtidas de oficio, se é o caso, resulta que o solicitante non está ao día de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma ou coa Seguridade Social.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse o solicitante para que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas feitas, respecto dos expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, o órgano instrutor formulará proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Respecto daqueles outros expedientes que si reúnan todos os requisitos, e que contén coa documentación necesaria, será formulada proposta de resolución consonte co seguinte criterio: o crédito orzamentario dispoñible repartirase de xeito proporcional entre os proxectos admitidos, cubrindo, como máximo, ata o 50 por cento do custo da actividade programada para cada un deles.

5. A proposta de resolución notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios, sinalándolles o importe correspondente e establecendo un prazo máximo de dez días para que presenten directamente ante a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte a súa aceptación á subvención; transcorrido este prazo sen que se produci-se manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda. Neste trámite, de se propor unha axuda inferior á porcentaxe máxima prevista no punto catro deste artigo, o órgano instructor poderá propor unha reformulación da solicitude, nos termos do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Aceptada a subvención polo interesado, o órgano instructor elevará a súa proposta de adxudicación da axuda á persoa titular da Dirección Xeral de Transportes, quen ditará as oportunas resolucións de adxudicación e, se é o caso, de denegación, nos termos previstos no artigo 23 da indicada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que, atendendo ás solicitudes formuladas, resulte acreditada a suficiencia do crédito dispoñible, o órgano instructor poderá elevar propostas parciais de resolución, e procederse á resolución sucesiva das distintas solicitudes formuladas por orde cronolóxica de conclusión dos correspondentes expedientes administrativos.

7. O prazo para resolver as solicitudes e notificar a dita resolución ao abeiro desta orde será de catro meses, que se computarán a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, consonte co previsto polo artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 6º.-*Compatibilidades.*

Esta subvención será compatible coas que poida conceder para o mesmo fin calquera outra Administración pública ou organismo público ou privado, nacional ou internacional, sen que, e en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas, illada ou conxuntamente, poida ser tal que supere o custo da actividade subvencionada que debe desenvolver o beneficiario.

#### Artigo 7º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da

subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás solicitudes dos interesados xuntaranse os documentos e as informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos cales foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a xustificación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente, polo feito de presentación da solicitude, a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto farase consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 8º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Procederá o pagamento das subvencións, unha vez que se xustifique documentalmete a realización das actividades e gastos para os que foron outorgadas, nos prazos establecidos na resolución de outorgamento e nos termos previstos no punto 4.

2. O pagamento previsto no punto anterior poderá efectuarse mediante pagamentos parciais mensuais, á conta da liquidación definitiva, a medida que o beneficiario xustifique os investimentos realizados. Estes pagamentos non poderán superar o 80 por cento da subvención concedida, garantíndose, se é o caso, consonte co artigo 17 do Decreto 287/2000. Con esta mesma garantía, o interesado poderá solicitar un adianto do 10 por cento do importe da axuda concedida, estando sometido ás obrigas de xustificación en prazo e reintegro; para tal fin, o beneficiario presentará unha petición xunto coa xustificación das custos que cobre o adianto.

3. En todo caso, antes do 20 de decembro do ano para o que fosen outorgadas as axudas, terá que presentar ante a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte a xustificación completa dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, e a documentación precisa de acordo con esta orde.

4. A xustificación do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención farase mediante conta xustificativa, en que se incluírán os xustificantes de gasto.

Coa xustificación terá que se presentar, en documento orixinal ou fotocopia cotexada por funcionario público ou órgano oficial competente:

-Certificación da entidade beneficiaria, co visto e prace do presidente, en que conste a descrición das actuacións realizadas en execución do proxecto para o que se concedeu a subvención, o importe investido, e a relación de todas as facturas en que consten os datos de cada unha delas (data, número, entidade emisora, importe), sinalando para cada unha a finalidade correspondente.

-Copia da factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionados.

-Xustificantes das transferencias bancarias dos correspondentes pagamentos.

-Planos de situación e planta das instalacións.

-Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución) para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-No caso de que as axudas concedidas sexan iguais ou superiores a 1.500 euros, antes de proceder ao pagamento terán que estar ao día das obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma, así como coa Seguridade Social.

-Copia da autorización de centro, ou da súa solicitude, de acordo co previsto no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Non obstante, e respecto desta última documentación (autorización de centro ou solicitude dela), para o caso de que o proxecto de centro prevexa maiores investimentos que os que se subvencionan con esta orde, configurándose as actuacións para as que se solicita a axuda como unha fase ou parte dun proxecto máis amplo, poderá substituírse a antedita documentación por un compromiso expreso do beneficiario de presentar a solicitude de referencia antes do 30 de setembro de 2009; neste suposto, o compromiso adquirido constituirá un obxectivo da actividade subvencionada, cuxo incumprimento xerará obriga de reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, consonte co previsto no artigo 33.1º.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Cando o importe da axuda sexa de contía superior a 60.000 euros, o pagamento da axuda quedará condicionado á comprobación material do investimento polo órgano concedente, debendo deixar constancia no expediente mediante acta asinada tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

A persoa titular da Dirección Xeral de Transportes poderá encomendar a dita comprobación material a outro órgano distinto, ou ás unidades dependentes desta dirección xeral.

Excepcionalmente, a persoa titular da Dirección Xeral de Transportes poderá substituír a comprobación material antedita, por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Artigo 9º.-*Realización das actividades.*

As actividades obxecto de subvención deberán desenvolverse segundo a planificación proposta na solicitude.

Por parte da Dirección Xeral de Transportes, directa ou indirectamente, efectuaranse cantas comprobacións e inspeccións se coiden oportunas a fin de verificar a axeitada execución do proxecto.

*Artigo 10º.-Condicionantes.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Transportes calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da subvención concedida.

2. Os beneficiarios das subvencións non poderán alterar de ningún xeito a súa finalidade, para o cal a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias a fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos fundamentalmente da concesión.

En todo caso, os beneficiarios das axudas quedan obrigados a manter a dedicación do centro á formación inicial e permanente de condutores, e á programación dun mínimo dun curso de cualificación inicial acelerada e de dez de formación continua, en total, durante un período de cinco anos consecutivos contados desde a data en que teñan xustificado plenamente o investimento, agás cambios normativos que introduzan modificacións no carácter regrado desta formación ou no réxime de implantación progresiva previsto no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

3. Os solicitantes e beneficiarios das subvencións deberán permitir que a Dirección Xeral de Transportes realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas coa fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas; tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das axudas.

4. Os beneficiarios das subvencións deberán facer constar en todo tipo de publicidade e información ao respecto, a condición de subvencionada pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, empregando para isto a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Para tal fin, e concretamente, establécese a obriga dos beneficiarios de inserir e manter permanentemente, en lugar visible para todos os usuarios do centro, a antedita condición de subvencionados, en idénticos termos.

5. O incumprimento de calquera obriga mencionada na presente orde poderá ser causa determinante da revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, das subvencións percibidas e dos xuros de demora correspondentes, todo isto de acordo e nos termos previstos pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 11º.-Subcontratación.*

1. Os beneficiarios das subvencións poderán subcontratar a realización das actividades obxecto de subvención ata o total do seu custo. Non se considerará subcontratación a realización da devandita actividade por unha asociación profesional integrada na beneficiaria ou polas mesmas entidades que integran a beneficiaria.

2. De acordo co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20 por cento do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se asine por escrito.

b) Que a súa celebración a autorice previamente a persoa titular da Dirección Xeral de Transportes. Esta autorización deberá outorgarse no prazo de quince días desde a data de entrada da solicitude nos servizos centrais deste órgano administrativo, entendéndose outorgada se transcorre o devandito prazo sen notificarse a resolución.

3. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos exixidos no punto anterior.

4. En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da citada Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e se autorice previa e expresamente pola Dirección Xeral de Transportes.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta mesma convocatoria.

*Artigo 12º.-Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases, na orde de convocatoria ou no resto da normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase un procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consonte co previsto nesta lei, establécese expresamente que será causa de reintegro do importe total da axuda, a denegación expresa da autorización de centro prevista no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, ou o arquivo do expediente por causa imputable ao interesado.

*Artigo 13º.-Control.*

1. A Dirección Xeral de Transportes poderá levar a cabo, directa ou indirectamente, as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das axudas que se concedan.

2. Ademais do anterior, as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

*Artigo 14º.-Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Transportes, a través dos seguintes medios:

a) Na súa páxina web oficial (<http://www.cptopt.xunta.es>).

b) Nos teléfonos 981 54 45 02 e 981 54 45 82 da devandita dirección xeral.

c) No enderezo electrónico [formacion.transportes@xunta.es](mailto:formacion.transportes@xunta.es)

*Artigo 15º.-Remisión normativa.*

Para todo o non regulado nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

*Artigo 16º.-Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases e da orde de convocatoria, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que, no ámbito das súas competencias, dite os actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2008.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas  
e Transportes





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 POLÍTICA TERRITORIAL,  
 OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES  
 Dirección Xeral de Transportes

ANEXO

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A DOTACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA A FORMACIÓN NO          ÁMBITO DO TRANSPORTE POR ESTRADA, CONVOCATORIA 2008</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>OT317A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

#### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN DA ASOCIACIÓN OU FEDERACIÓN		NIF Nº	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

#### E na súa representación:

NOME E APELIDOS	DNI	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Solicita que lle sexa outorgada unha axuda para a dotación da instalación para a formación no ámbito do transporte por estrada cun importe de (50% do custe da actuación)

#### DOCUMENTACIÓN XERAL QUE ACHEGA *(orixinal ou fotocopia cotexada)*

- Tarxeta de identificación fiscal.
- Apoderamento do asinante para poder representala.
- DNI do representante.
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria xustificativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias.
- Certificación expedida polo órgano competente da Tesourería Xeral da Seguridade Social, xustificativa da inexistencia de débedas pendentes e exixibles con esta.
- Certificación bancaria orixinal co número de conta *(só necesaria no caso de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia)*.

#### DOCUMENTACIÓN REFERENTE A LA ACTUACIÓN

- Memoria descritiva do proxecto de centro de formación e da actividade que se van a desenvolver nel.
- Proxecto e memoria descritiva das obras e actuacións que se van desenvolver.

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse ás axudas reguladas nestas bases, así como que asume as obrigas e compromisos que nelas se establecen.
2. Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
3. Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a administración considere oportunas, e realice tanto mediante os seus propios medios, como mediante a colaboración de servizos externos.
4. Que se compromete á constitución dun centro de formación no local para o que se solicita a axuda, e de destino a este fin durante, cando menos, cinco anos continuados.
5. Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Declara expresamente que:

- Non ten recibido nin solicitado axudas de ningunha outra Administración pública ou entidade pública nin privada, para este mesmo proxecto.
- Que as axudas solicitadas e/ou recibidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, acadan o importe de  € as recibidas, e  € as solicitadas e aínda non recibidas (xúntase desagregación coa indicación de axuda solicitada/recibida, entidade ou administración outorgante, data de solicitude e, se é o caso, outorgamento, e norma en que se basee a convocatoria).

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e a publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Autorizo igualmente a Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a recadar de calquera outro órgano das distintas administracións e entes públicos, cantos documentos sexan precisos para a verificación dos datos achegados xunto coa solicitude ou como complemento dela, así como para o tratamento informatizado dos meus datos de carácter persoal que sexan precisos para o fin desta orde de axudas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 6 xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte por estrada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

DATA DE EFECTOS

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

DATA DE SAÍDA

\_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

Dirección Xeral de Transportes